Acta da sesión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación RTVG, do día 28 de marzo de 2025

[PLG/MCVR]

Na sala de comisións "Otero Pedrayo" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación RTVG,** o día **28 de marzo de 2025, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Raquel Arias Rodríguez
(Presidenta)
José Manuel Mato Díaz
(en substitución de Enrique Barreiro Sánchez)
(Vicepresidente en funcións)
Alexandra Fernández Gómez
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Victor Manuel Baladrón Lamas
Cristina Campero Dorado
Juan Manuel Casares Gándara
José Luis Ferro Iglesias
(en substitución de Paula Mouzo Mas)
Carmen María Pomar Tojo
Ángel Rodríguez Conde
Katherinie Varela Fernández
(en substitución de Jesús María Fernández Rosende)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Daniel Castro García
Mercedes Queixas Zas
Olalla Rodil Fernández
Iago Suárez Fernández
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Julio Ernesto Abalde Alonso
(en substitución de Silvia Longueira Castro)
María del Carmen Rodríguez Dacosta
Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Comparecente:
Director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia– CRTVG

Letrada:
Purificación López Gómez

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto Único. Preguntas

1.1 18630 (12/POC-003137)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 4 máis
Sobre as medidas que prevé pór en marcha a CRTVG co fin de incrementar a transparencia e de reforzar a dotación económica que destina á produción audiovisual galega
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 153f3, do 06.02.2025

Intervén a **señora Queixas Zas, Mercedes (BNG),** para expresar os motivos nos que se basean as cuestións concretas que se conteñen na iniciativa e que aparecen publicados BOPG anteriormente subliñado.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o **director xeral da Corporación de Radio e Televisión de Galicia, Alfonso Sánchez Izquierdo**.

Na rolda de réplica a **señora Queixas Zas, Mercedes (BNG),** amosa a súa insatisfacción e preocupación ante a información recibida e insiste no tema obxecto de debate, pois considera que non contestou a moitas das cuestións que se expoñen na pregunta.

O **director xeral da Corporación de Radio e Televisión de Galicia, don Alfonso Sánchez Izquierdo**, pecha o debate desta iniciativa puntualizando a súa intervención anterior e engadindo novos datos.

1.2 19523 (12/POC-003275)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Longueira Castro, Silvia
Sobre a decisión da CRTVG pola que vai permitir, por primeira vez, a realización de probas de acceso ao ente en lingua castelá, os motivos da adopción dese criterio e as súas repercusións
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 156f3, do 12.02.2025

A **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S),** dá contas das razóns que a levaron á formulación desta pregunta, expresándose en termos semellantes aos publicados no BOPG anteriormente subliñado.

Ao longo da anterior intervención incorpórase á Mesa da Comisión a señora Pomar Tojo (P), como vicepresidenta en funcións accidental, e logo de ausentarse da sesión a presidenta, señora Arias Rodríguez (P), ocupa en funcións a presidencia.

PARLAMENTO DE GALICIA

En representación da Xunta de Galicia contéstalle o **director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, Alfonso Sánchez Izquierdo,** logo de deixar constancia que no mes de febreiro xa deu resposta a unha pregunta presentada nos mesmos termos polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego.

Na rolda de réplica a **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S),** manifesta diversas discrepancias coa información recibida e insiste no tema obxecto de debate con novas consideracións ao respecto.

O **director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, Alfonso Sánchez Izquierdo,** pecha o debate da iniciativa incidindo en moitos dos argumentos expostos na súa intervención inmediatamente anterior.

A Presidencia agradécelle ao señor Sánchez Izquierdo a súa presenza e colaboración cos traballos da Comisión, así como ao persoal da Cámara polos servizos prestados.

Remata a sesión ás 11:30 horas.

Raquel Arias Rodríguez

Firmado digitalmente por Raquel Arias Rodríguez
Nombre de organismo (DN): cn=Raquel Arias Rodríguez, email=raquel.arias.rodriguez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.05.13 10:59:41 +02'00'

V. e V.
Raquel Arias Rodríguez
Presidenta da Comisión

Alexandra Fernández Gómez

Firmado digitalmente por Alexandra Fernández Gómez
Fecha: 2025.05.13 10:26:03 +02'00'

Alexandra Fernández Gómez
Secretaria da Comisión